

CIRCULAR Nº 9/1999, DO 1 DE SETEMBRO, DA DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN EDUCATIVA E FORMACIÓN PROFESIONAL POLA QUE SE DICTAN INSTRUCCIÓN PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE NA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA.

A Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo propugna un ensino comprensivo. Este principio demanda unha educación integradora que recoñeza a diversidade da poboación escolar e lle dea resposta mediante a adaptación ás diferentes capacidades, ritmos e estilos de aprendizaxe dos alumnos e alumnas. Así, a administración educativa ven dictando dende a promulgación da dita Lei disposicións normativas que garantan a atención á diversidade nos centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia.

O Decreto 78/1993, do 25 de febreiro, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria, prevé diferentes posibilidades de atender á diversidade do alumnado ó considera-la posibilidade de realizar adaptacións e diversificacións do currículo común nos seus artigos 16 e 17, respectivamente.

Ó abeiro do establecido no dito Decreto 78/1993, do 25 de febreiro, pola Orde do 6 de outubro de 1995 regúlanse as adaptacións do currículo común para os alumnos e alumnas que o precisen; no capítulo X da Orde do 19 de xuño de 1996, pola que se regula a implantación da educación secundaria obrigatoria, establécense os programas de diversificación curricular como unha medida de atención á diversidade dirixida a aquel alumnado que pode logralos obxectivos desta etapa educativa mediante unha metodoloxía axeitada ás súas necesidades; e pola Orde do 19 de maio de 1997 regúlanse estes programas como medida extraordinaria de atención á diversidade.

Igualmente, nas distintas disposicións que aproban e desenvolven o regulamento orgánico dos centros educativos, regulanse os compoñentes dos proxectos curriculares de etapa e establécense a incorporación neles de criterios e procedementos para organiza-la atención á diversidade dos alumnos e alumnas en función de cada contexto educativo.

Pola súa parte, o Decreto 320/1996, do 26 de xullo, de ordenación da educación de alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais, regula a atención educativa para este alumnado e o Decreto 120/1998 polo que se regula a orientación educativa e profesional en Galicia, así como a Orde do 24 de xullo de 1998 que o desenvolve, crean recursos e establecen funcións para que dende os servizos de orientación da Comunidade Autónoma de Galicia se preste atención á diversidade de todo o alumnado, tanto con necesidades educativas especiais como ordinario.

En consecuencia, a normativa establece un marco para a axuda educativa máis personalizada como un garante da igualdade de oportunidades para tódolos cidadáns e cidadás. Esta atención personalizada pode realizarse para a maioría do alumnado no ámbito das actuacións pedagóxicas que configuran a maneira habitual de proceder dos equipos educativos nos centros escolares e nas aulas. Sen embargo, en ocasións, as necesidades educativas de certos alumnos e alumnas demandan outras actuacións tanto de carácter curricular como organizativo. En consecuencia esta Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional resolveu dicta-las seguintes instruccións:

Primeira. O plan de atención á diversidade

1. Anualmente, e considerando os recursos materiais e humanos cos que contan, os centros que imparten educación secundaria obrigatoria concretarán na programación xeral anual un plan de atención á diversidade en coherencia co proxecto educativo e coas medidas de carácter xeral incluídas

no proxecto curricular para atender a diversidade do alumnado.

2. O plan de atención á diversidade deberá abranguer para cada curso da etapa da educación secundaria obrigatoria unha serie de medidas de tipo curricular e organizativo encamiñadas a dar resposta ás necesidades educativas dos alumnos e alumnas identificadas ó longo do curso académico anterior. O dito plan deberá se-lo suficientemente flexible como para prestar atención ás necesidades educativas que poidan xurdir ó longo do proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado.

3. No plan de atención á diversidade deberán constar, cando menos, dous tipos de medidas:

3.1.- Medidas curriculares, referidas ó desenvolvemento do proxecto curricular a través de programación didáctica adaptadas, ós reforzos educativos, ás adaptacións curriculares individualizadas, á organización da opcionalidade e á acción tutorial.

3.2.- Medidas organizativas, referidas ós agrupamentos específicos, á permanencia dun ano máis, ós apoios a alumnos con necesidades especiais e ós programas de diversificación curricular.

Segunda.- *Medidas curriculares*

4. Co fin de lograr que o maior número de alumnos e alumnas poida conseguí-los obxectivos da educación secundaria obrigatoria, os departamentos didácticos concretarán nas correspondentes programacións didácticas os obxectivos, contidos e criterios de avaliación establecidos como básicos para cada área, a súa secuencia e distribución por curso, así como os principios metodolóxicos adoptados.

5. Cada profesor adaptará a programación didáctica do seu departamento a cada grupo de alumnos en particular, polo que toda programación de aula deberá considerar estratexias de carácter ordinario que lle permitan ó profesor atender á diversidade do alumnado.

6. No marco da acción tutorial, como parte esencial da función docente, o profesorado titor deberá desenvolver accións para coñecer cada alumno e alumna, identifica-las dificultades que poidan existir no seu proceso de aprendizaxe, prever e seguir, se é o caso, as adaptacións curriculares, considera-lo tipo de agrupamento adecuado e facilita-la integración dos alumnos e alumnas no seu grupo clase e no centro.

En todo caso, o desenvolvemento da acción tutorial deberá aborda-los aspectos seguintes:

6.1.- O coñecemento e seguimento persoal do alumno. A través da hora semanal de tutoría presencial co grupo de alumnos na que se levarán a cabo as accións deseñadas no plan de acción tutorial do seu centro, o titor deberá chegar a un coñecemento máis fondo das aptitudes e capacidades do alumnado, dos seus intereses e motivacións, así como do seu grao de responsabilidade. Este coñecemento constituirá o punto de partida para, en colaboración co resto de profesores do grupo e co departamento de orientación, deseñar estratexias que permitan lograr actitudes positivas cara ó estudio e ós compañeiros, hábitos de traballo e comportamentos socialmente adecuados.

No caso do alumnado con historia de fracaso escolar e con problemas de inserción social e, se é o caso, de conducta, deberanse levar a cabo accións que posibiliten que este alumnado recupere a confianza nas súas capacidades e nos demais, e aprenda estratexias de autorregulación, tanto da súa aprendizaxe como dos seus comportamentos sociais.

6.2.- A relación co grupo-clase. Dado que o grupo-clase constitúe o contorno social inmediato no que se producen as aprendizaxes, o titor ou titora deberá propoñer actividades e poñer en marcha estratexias para lograr un clima de aula adecuado, que permita a cohesión do grupo e posibilidades

de participación nas decisións da aula.

6.3.- A relación coas familias. A través de reunións periódicas ó longo de todo o curso e da comunicación fluída titor-familias, así como doutras canles establecidas no plan de acción tutorial, o profesorado titor tentará coñecer as expectativas das familias con respecto ós seus fillos e fillas, e a súa concepción da educación, e mesmo do centro educativo, como medio para lograr un maior coñecemento do alumnado e establecer actuacións coordinadas entre os pais e nais e o centro.

6.4. A relación co equipo docente. O profesor titor debe procurar que, sen prexuízo da peculiaridade de cada área, exista unha proposta pedagóxica común por parte do equipo docente do seu grupo de alumnos.

En todo caso, o titor deberá incidir na coordinación das respostas educativas que o equipo docente aporte desde as súas distintas programacións, e mesmo desde as súas diferentes concepcións do feito educativo.

7. As medidas de adaptación do currículo realizaranse segundo o establecido pola Orde do 6 de outubro de 1995 (DOG 07/11/1995).

8. Optatividade

As materias optativas deberán contribuír á consecución das capacidades básicas que promoven os obxectivos xerais da educación secundaria obrigatoria.

A súa combinación coas áreas obrigatorias da ESO dará lugar a diferentes itinerarios formativos e posibilitará que o alumnado opte por eles en función dos seus intereses, motivacións e necesidades.

8.1.- O plan de acción tutorial do centro deberá contemplar actividades de autoconhecimento e de toma de decisións para que os alumnos e alumnas poidan elixir responsablemente de entre a oferta de itinerarios formativos do centro aquel que mellor responda ás súas capacidades, necesidades, posibilidades e intereses.

8.2.- O departamento de orientación prestará o seu apoio neste ámbito tanto mediante a súa participación no plan de acción tutorial, como mediante as vías de información e asesoramento que deberá establecer para tódolos alumnos e alumnas do centro.

8.3.- Co fin de que o alumnado poida acceder ás ofertas formativas e laborais da Unión Europea, e ás redes de información, a optatividade no primeiro ciclo da ESO deberá inicialo na aprendizaxe dunha segunda lingua estranxeira. Non obstante, naqueles casos nos que existen dificultades significativas ligadas á comunicación oral e ó cálculo, a optatividade poderá ter a finalidade de reforzar esas capacidades.

8.4.- A optatividade no segundo ciclo da ESO, especialmente no cuarto curso, conformará itinerarios formativos nos que estean conxuntamente presentes as dúas finalidades que caracterizan esta etapa:

- *Terminal* ou de formación xeral, que garanta as aprendizaxes básicas necesarias para a incorporación plena no mundo laboral e social.

- *Propedéutica*, que vincule a elección das materias ou áreas optativas con estudos posteriores de bacharelato ou ciclos formativos.

Terceira.- *Medidas organizativas. Agrupamentos específicos*

9.1. No plan anual de atención á diversidade, os centros que imparten educación secundaria obrigatoria poderán establecer agrupamentos específicos transitorios para apoiar o alumnado con dificultades xeneralizadas de aprendizaxe naquelas áreas curriculares que, ben por teren carácter instrumental para a aprendizaxe, como é o caso da Lingua e das Matemáticas, ben polo seu peso conceptual, reclaman unha atención máis individualizada cando se valore que dificilmente pode seguir o ritmo de aprendizaxe da aula ordinaria con simples medidas de reforzo educativo.

9.2. Os agrupamentos específicos consisten en facer desdobramentos transitorios que permitan en determinadas áreas constituír un grupo específico cos alumnos dos distintos grupos do mesmo nivel que presentan as características anteriormente mencionadas.

Estes agrupamentos específicos poderán facerse nunha das áreas de Lingua e Literatura, e en Matemáticas, así como en Ciencias da Natureza e en Ciencias Sociais, Xeografía e Historia.

9.3. En consecuencia co anterior, os destinatarios dos agrupamentos específicos serán alumnos e alumnas que se atopen nalgunha das seguintes situacións:

- Estar escolarizados no primeiro ciclo de educación secundaria obrigatoria e presentar atraso académico xeneralizado.

- Ter cursado o primeiro ciclo da ESO sen alcanza-los obxectivos mínimos e que esta medida organizativa de atención á diversidade se considere esencial para garanti-la eficacia da súa permanencia un ano máis no ciclo.

- Estar escolarizados no segundo ciclo da ESO e ser menor de 16 anos ou, excepcionalmente, te-la idade requirida para incorporación a un programa de diversificación curricular ou de garantía social e que, non obstante, esta medida se considere a máis apropiada.

10. Organización e distribución horaria dos agrupamentos específicos

10. 1.- O cómputo do horario semanal docente establecido para as medidas de atención á diversidade nos centros docentes é de catro horas por grupo de educación secundaria obrigatoria, sen prexuízo do número de horas que poida resultar da aplicación do establecido no apartado h) do punto 71 da Orde do 1 de agosto de 1997, DOG do 2 de setembro, pola que se dictan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996 polo que se aproba o regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria.

10.2.- Os centros educativos poderán organizar durante este horario agrupamentos específicos acumulando tódalas horas establecidas para a atención á diversidade dun nivel educativo a un único grupo.

10.3.- O equipo de profesores dos agrupamentos específicos deberá ter experiencia docente e, preferentemente, destino definitivo no centro. Así mesmo, o profesor tutor-deberá contar con experiencia en acción tutorial

10.4.- O alumnado poderá permanecer no agrupamento específico o 100% do horario semanal que lles corresponda a estas áreas, especialmente nas áreas instrumentais. Cando as circunstancias así o aconsellen, nas áreas de Ciencias da Natureza e Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, o alumnado poderá permanecer no agrupamento específico unicamente parte do horario semanal.

10.5. En todo caso, o alumno pertencerá para tódolos efectos a un grupo ordinario de referencia, polo que os agrupamentos específicos resultantes non poderán supera-lo 40% do horario común do grupo. Así, o número máximo de períodos lectivos semanais que un alumno pode permanecer nos agrupamentos específicos non será superior a 12, agás no primeiro curso no que poderán ser 13 períodos lectivos, sempre que no segundo curso resulten 11.

10.6. Dado que se trata de agrupamentos de carácter transitorio, en ningún momento suporán a ampliación de liñas no centro, nin sequera nos momentos de atención específica.

10.7. Para a organización dos agrupamentos específicos, os centros educativos ateranse ó seguinte:

- O número máximo de alumnos de cada agrupamento específico non será superior a 15.

- Cando a organización do centro o permita, os profesores do agrupamento específico impartirán docencia nos grupos de referencia.

- Na medida en que os recursos do centro o permitan, o profesorado dos agrupamentos específicos terá unha dedicación horaria semanal considerada como horario lectivo para a elaboración da programación adaptada e a coordinación co equipo de profesores.

11.- Proceso de aprobación dos agrupamentos específicos

11.1.- A xefatura de estudos deberá convocar unha reunión co xefe do departamento de orientación e cos profesores tutores dos distintos grupos que conforman cada nivel da educación secundaria obrigatoria. Nesta reunión realizarase a selección dos alumnos, así como a concreción das áreas previstas nos agrupamentos específicos que cada un vai cursar total ou parcialmente.

11.2.- A proposta das áreas que serán obxecto de agrupamentos específicos será realizada pola comisión de coordinación pedagóxica. En todo caso, cando as posibilidades de agrupamentos específicos non poidan abranguer tódalas áreas citadas no punto 9.2, priorízanse os agrupamentos nas áreas de Lingua e Matemáticas.

11.3. O director do centro enviará a proposta de organización dos agrupamentos específicos ó servizo de inspección educativa a quen lle corresponde a súa aprobación. Esta proposta incluírá:

- A selección de alumnos con indicación dos criterios aplicados.

- O horario no que estes permanecerán nos agrupamentos específicos.

- O profesorado que se vai encargar da docencia directa nos agrupamentos específicos, indicando situación laboral e distribución horaria semanal.

- As áreas curriculares par as que se van constituír agrupamentos específicos, así como as correspondentes programacións didácticas adaptadas.

11.4.- No caso do alumnado de nova incorporación ó centro, ó comezo do curso o equipo de profesores deberá realiza-la súa avaliación inicial, de tal maneira que antes do 30 de setembro en tódolos grupos que conforman a educación secundaria obrigatoria se decida a proposta de selección definitiva dos alumnos dos agrupamentos específicos. A incorporación deste novo alumnado estará supeditada, igualmente, á aprobación da inspección educativa.

11.5.- O remate do curso, a comisión de coordinación pedagóxica realizará a valoración desta medida de atención a diversidade, a vista dos informes dos departamentos didácticos que serán o punto de referencia para propoñe-la renovación, reaxuste ou supresión dos agrupamentos específicos constituídos durante o curso.

12.- Inclusión do alumnado

12.1.- Os alumnos propostos para cursar algunhas áreas en grupos específicos deberán contar cun informe individualizado elaborado polo profesor tutor, en colaboración co departamento de orientación. Neste informe incluírase unha xustificación pormenorizada das razóns polas que esta medida se considera a máis adaptada para o alumno ou alumna con atraso escolar xeneralizado.

12.2.- Os pais ou tutores legais dos alumnos deberán ser informados a través do profesor tutor correspondente.

12.3.- Dado que esta medida ten carácter reversible, o equipo de profesores e o departamento de orientación deberán realizar un seguimento individualizado de cada alumno ou alumna co fin de que poida integrarse a tempo completo no grupo de referencia. Esta decisión deberá tomarse na xunta de avaliación.

12.4.- Ó remate do curso escolar, o profesor tutor, en colaboración co departamento de orientación, elaborará un informe individualizado de cada alumno de agrupamentos específicos, no que indicará a efectividade desta medida, así

como a proposta sobre a continuidade ou non nela.

13.- Currículo

13.1.- Con carácter xeral, os alumnos que formen parte de agrupamentos específicos deberán te-los mesmos obxectivos có seu grupo de referencia, aínda que se poidan adaptar contidos da etapa anterior cando se considere necesario.

13.2.- As programacións adaptadas serán elaboradas polos correspondentes departamentos didácticos a partir dos obxectivos e contidos básicos establecidos no proxecto curricular do centro e mesmo, cando sexa preciso para afianzar aprendizaxes básicas, retomados do 3º ciclo de educación primaria

Estas programacións formarán parte das programacións didácticas elaboradas con carácter xeral polos respectivos departamentos e, polo tanto, deberanse incluír no proxecto curricular do centro.

13.3.- Dado que o alumnado destes agrupamentos necesita un cambio metodolóxico substancial, o enfoque metodolóxico deberá ser en base a proxectos de traballo ou unidades didácticas nas que prime o carácter práctico e funcional dos contidos.

14.- Avaliación

A participación nos agrupamentos específicos faráselles constar ós alumnos no seu expediente académico como reforzo educativo.

Cuarta.- *Programa de ciclo adaptado*

15.1. O programa de ciclo adaptado trátase dunha medida extraordinaria de atención á diversidade que vai dirixida exclusivamente á atención do alumnado no que conflúen, ademais dun atraso académico xeneralizado, problemas graves de conducta e de convivencia no centro.

15.2.- Os alumnos que cursen un programa de ciclo adaptado poderán estar escolarizados no segundo ciclo de educación secundaria ou no primeiro ciclo, pero, neste caso, deberán te-la idade propia do alumnado do segundo ciclo (14-16).

Non obstante, á vista de circunstancias moi singulares que así o aconsellen, excepcionalmente poderanse autorizar programas de ciclo adaptado para alumnos de idade menor da establecida con carácter xeral.

15.3.- A permanencia do alumnado nestes programas de ciclo adaptado dependerá das características de cada alumno ou alumna. En todo caso, a programación deberá ser flexible para permiti-la posibilidade da permanencia un curso ou dous, como máximo.

Excepcionalmente, e á vista de circunstancias singulares que así o aconsellen, os alumnos que se incorporasen a un ciclo adaptado cunha idade menor da establecida con carácter xeral poderán ser autorizados individualmente a permanecer un curso ou dous máis nun programa de ciclo adaptado.

15.4.- Cando o alumnado que siga un programa de ciclo adaptado progrese en relación cos obxectivos propostos, poderá incorporarse a un grupo do nivel no que está escolarizado ou, se é o caso, a un Programa de Diversificación

Curricular ou de Garantía Social. Esta incorporación entenderase como froito dos resultados observados na avaliación continua e será perceptivo o informe do titor e do xefe do departamento de orientación ou, se é o caso, a avaliación psicopedagóxica

16.- Proceso para a creación do Programa de Ciclo Adaptado

Dado o carácter extraordinario desta medida de atención á diversidade, o proceso para incorporar un alumno ou alumna a un destes programas deberá facerse con plenas garantías de que a decisión tomada é a que máis o beneficia.

Polo que ese proceso terá as seguintes fases:

A) Recollida da información e valoración das necesidades

do alumno ou alumna

O xefe do departamento de orientación deberá realizar unha avaliación psicopedagóxica que inclúa información recollida en contacto directo coa familia, cos profesores e mesmo cos compañeiros.

A información deberá ser obxectiva e exhaustiva, e ofrecer base suficiente para asegurar que o alumno reúne as seguintes condicións:

- Que, con esta medida, as posibilidades de inserción social son maiores que se permanece nun grupo ordinario.
- Que, ó estar seguindo un currículo máis adaptado, previsiblemente aumentará o seu nivel de rendemento e satisfacción, e, en consecuencia, as súas posibilidades de logra-los obxectivos da etapa.

B) Selección do profesorado e equipo docente

Para lograr un mellor coñecemento do alumnado, unha maior posibilidade de establecer criterios comúns de intervención entre o equipo docente e a menor dispersión de contidos, o equipo docente estará composto, como máximo, por catro profesores que impartirán as ensinanzas que se establezan en relación ós ámbitos práctico, socio-lingüístico, científico-matemático e á educación física o titor será designado procurando que o seu perfil profesional reúna as seguintes características:

- Con destino definitivo no centro.
- Con coñecemento das características do alumnado da etapa de educación secundaria obrigatoria.
- Con certas habilidades que favorezan a motivación do alumnado
- Con habilidades para o establecemento de relacións fluídas entre a familia e o centro e, de se-lo caso, con outras institucións.
- Con certa experiencia, se é posible, en atención ó alumnado con estas características.

O equipo docente coordinado polo titor deberá ter unha reunión semanal de coordinación para programar obxectivos comúns, establecer criterios, estratexias e pautas xerais para promover conductas sociais adecuadas, e avalia-lo progreso do alumnado.

17.- Currículo e programacións

17.1.- Os programas de ciclo adaptado terán como referente o currículo da educación secundaria obrigatoria e, se é o caso, os obxectivos do terceiro ciclo de educación primaria adaptados ós intereses e necesidades deste alumnado. A súa programación terá un enfoque práctico e moi vinculado á vida e realidade extraescolar.

Na definición dos obxectivos serán prioritarios os aspectos relacionados coa motivación, coa posibilidade de modificación das conductas deste alumnado, así como coa adquisición e desenvolvemento das capacidades básicas da etapa.

17.2.- Dadas as características deste alumnado, as capacidades prioritarias á hora de realiza-las programacións son as relacionadas con:

- Comunicación.
- Convivencia e traballo en grupo.
- Organización do traballo.
- Configuración dun proxecto persoal e orientación profesional.

17.3.- Para a selección de contidos os profesores que impartan a docencia configurarán os contidos dos ámbitos segundo segue:

- Ámbito práctico: contidos da área de Tecnoloxía e dunha materia optativa de Iniciación Profesional, e da área de Educación Plástica e Visual.
- Ámbito científico: contidos das áreas de Ciencias da Natureza e de Matemáticas.
- Ámbito socio-lingüístico: contidos das áreas de ciencias Sociais, Xeografía e Historia, Lingua Castelá e Literatura/

Lingua Galega e Literatura e Música

- Educación Física: contidos da área de Educación Física e da área de Música.

18.- Organización horaria

18.1.- A asignación horaria a cada ámbito dependerá das características do alumnado e poderá modificarse de acordo cos resultados das avaliacións inicial e formativa. En todo caso, o ámbito práctico constituirá o 50% do total.

18.2.- Para capta-lo interese deste alumnado e reorientar actitudes iniciais de rexeitamento a algún dos ámbitos de consideración máis académica, farase unha distribución horaria que se adapte ás súas necesidades educativas. En consecuencia, inicialmente poderá reagruparse o número de horas nos outros ámbitos e facer un tratamento transversal de tales contidos ou paulatinamente ir incorporándoos.

Distribución horaria recomendada

| Ámbito ou Área | Horas |
|--|-------|
| Ámbito práctico | 15 |
| Ámbito socio-lingüístico | 5 |
| Ámbito científico-matemático | 5 |
| Educación Física | 3 |
| Titoría | 2 |
| Total de horas | 30 |

19.- Metodoloxía

A implicación do alumnado na toma de decisións e o método de proxectos de traballo serán a base metodolóxica desta medida de atención á diversidade os proxectos deberán ser variados e de curta duración e neles se contemplarán actividades didácticas vinculadas a aqueles temas transversais sobre os que se deba incidir especialmente, en función das necesidades observadas no grupo.

20.- Autorización

20.1.- Correspóndelle ó delegado provincial a autorización destes programas, á vista da solicitude emitida polo centro e do informe da inspección educativa

20.2.- A solicitude de autorización para establecer un programa de ciclo adaptado deberá tramitarse, por proposta do claustro de profesores e coa aprobación do consello escolar, antes do 30 de setembro, a través da inspección educativa. A solicitude deberá incluír:

- A proposta xustificada e o informe do departamento de orientación.
- Un informe individualizado de cada alumno no que consten datas e causas de amoestacións, privadas ou por escrito, da suspensión do dereito de asistencia a clase ou de calquera corrección que lle fose aplicada por amosar reiteradamente conductas contrarias ás normas de convivencia.
- A programación didáctica e a distribución horaria semanal.
- Os recursos materiais e humanos para o desenvolvemento do programa.
- A dispoñibilidade dunha aula propia para o grupo.
- Os profesores con destino definitivo no centro que se responsabilizarán da docencia do programa.

21. Avaliación

21.1.- Con carácter xeral, a avaliación do alumnado que segue un programa de ciclo adaptado realizarase segundo o establecido na Orde do 25 de abril de 1994 pola que se regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria.

21.2.- O primeiro mes realizarase unha avaliación inicial. En función desta e de acordo coas necesidades detectadas, mediante reunión do equipo docente xunto co orientador, estableceranse uns obxectivos comúns. Os resultados da avaliación e as decisións tomadas expresaranse nun informe.

21.3.- Logo da avaliación inicial e á vista do informe correspondente, nunha sesión individual o titor establecerá con cada alumno un plan de traballo anual que periodicamente revisarán conxuntamente.

21.4.- Igualmente, en función do informe derivado da avaliación inicial, o xefe do departamento de orientación deberá establecer co titor e co resto do equipo docente o plan de intervención psicosocioeducativa que corresponda.

21.5.- En consonancia coas capacidades priorizadas para o alumnado escolarizado nun programa de ciclo adaptado, realizaranse actividades de autoavaliación como elemento esencial para que estes alumnos e alumnas logren o coñecemento de si mesmos, identifiquen as propias capacidades e estratexias, desenvolvan unha autoestima adecuada e, finalmente, acaden a capacidade de autorregulación da conducta, tan capital en alumnos destas características.

21.6.- A avaliación final deberá ter en conta o punto de partida do alumnado para valorar se houbo ou non progreso. Isto será un referente esencial para a incorporación, se é o caso, dos alumnos a un grupo ordinario ou a un Programa de Diversificación Curricular.

21.7.- Ó remate do curso, a cualificación de cada alumno consignarase nas distintas áreas do curso no que lle correspondería estar escolarizado, nos termos establecidos para expresa-la cualificación e indicando a existencia de adaptación curricular mediante AC.

Quinta.- Outros tipos de medidas organizativas para a atención á diversidade

No caso de que os centros docentes opten por outras medidas organizativas de atención á diversidade, a comisión de coordinación pedagóxica deberá propoñelas nos prazos establecidos para os agrupamentos específicos, correspondéndolle á inspección educativa a súa autorización, sempre que tales agrupamentos vaian acompañados de cambios metodolóxicos que permitan unha atención máis individualizada ó alumnado.

Así, os centros poden deseñar outras propostas de atención á diversidade, tales como:

- Actividades de recuperación de áreas ou materias con marcado carácter instrumental.
- Apoio das áreas instrumentais fóra do horario escolar do alumno.
- Estudio asistido para o alumnado fóra do horario escolar.

Santiago de Compostela 1 de setembro de 1999

Asdo.: José Luis Mira Lema

Director Xeral de Ordenación Educativa
e Formación Profesional